

Este curso presentáronse dúas novas propostas de actividades extraescolares: baile e psicomotricidade.

Ambas foron pensadas para ofertar actividades que non foran exclusivamente deportivas. Na primeira, trabállase co acompañamento da música, a coordinación e o ritmo; na segunda, ademais de estas habilidades, tamén o desenvolvemento de todas as capacidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos).

Tamén conseguimos, con elas, chegar ao colectivo das nenas a aos dos máis pequenos; de feito, en psicomotricidade contamos con 6 nenas e 5 nenos e en baile con 14 nenas, a maioría de 3 a 6 anos.



Grupo de Baile




Grupo de Psicomotricidade

Alternativa ou Relixión ?

O Proxecto Educativo do CEIP Fco. Vales Villamarín identifícase con doce principios, que pretenden ser o marco no que se desenvolva a seu traballo educativo.

O primeiro deses principios de identidade, os cales poden consultarse na páxina web do colexio, é a non confesionalidade do centro. Sen embargo, a maioría dos rapaces cursan a materia de relixión.

Esta tendencia estase invertendo nos últimos anos e neste curso, por exemplo, son algo máis de 200 os alumnos matriculados na materia de alternativa, ata o punto de crearse, por primeira vez, aulas con nenos unicamente matriculados nesta materia.



Actualmente tódolos nenos que cursan a materia de Alternativa no Vales Villamarín, asisten ás seguintes actividades:

- **Actividades de inicio do uso do ordenador**
- **Animación á lectura**
- **Xogos de mesa e populares**
- **Actividades de mellora e coidado da estética do centro.**



Non parece que vaimos a ter Colexio de Infantil (3-6 anos) para o 2011

ANPA Brigantium

Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico e-mail: anpabrigantium@gmail.com


Visita o noso Blog: <http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



Atención aos alumnos con necesidades específicas

No apartado 4.1 da Programación Xeral Anual do CEIP Fco. Vales Villamarín, para este curso 2009-2010, establécese que debido ao volume de matrícula e o gran número de alumnos con necesidades de apoio educativo, o colexio vese na obriga de priorizar a atención deste alumnado, quedando unha parte importante del sen a atención necesaria.

Os criterios de priorización baséanse nos catro supostos que se representan na gráfica..



Dos 76 nenos/as que deberían ter apoio educativo, 54 teñen redución horaria e 22 non reciben ningún tipo de apoio.

A día de hoxe seguimos sen resposta da Inspección Educativa, que tampouco deu contestación a ningunha das reclamación feitas a título individual polas nais e pais do alumnado afectado.



IES Francisco Aguiar

ANPA “O Carregal”

Estase a formar unha nova asociación de pais e nais no Instituto Francisco Aguiar, de Betanzos, onde seguramente continuarán os estudos de educación secundaria a maioría dos nenos do Vales Villamarín. Xa ten nome, que é “O Carregal”, pero aínda non ten socios, nin xunta directiva, senón uns cantos pais que, con moita ilusión, tomaron a iniciativa e formaron unha xunta de constitución e que queren informarnos de que a primeira asemblea na que se nomearán os cargos da directiva, vaise celebrar o vindeiro **mércores día 17 de marzo ás 19,30** en primeira convocatoria, e as 20,00 en segunda, nas instalacións do Instituto. Os que xa tedes fillos no Instituto estades emprazados a participar neste proxecto, e os que aínda non tedes fillos en secundaria, a partires de agora xa sabedes que a ANPA “O Carregal” estaravos agardando para tódalas suxestións e dúbidas que vos xurdan ao comezar esta nova etapa na formación dos nenos.

(A xunta de constitución da ANPA “O Carregal”)

Reunión ANPA – Dirección CEIP

Durante este mes de febreiro tivo lugar unha das reunión periódicas da ANPA co equipo directivo do CEIP. Nela tratáronse os seguintes puntos:

- ⊕ Repaso das reclamacións recibidas na ANPA.
- ⊕ Participación das nais/pais na revisión do Proxecto Educativo do Centro, o cal modificarase ao longo deste ano.
- ⊕ Valoración do uso das axendas escolares.
- ⊕ Situación do nenos/as que necesitan atención educativa específica.
- ⊕ Adaptación do mobiliario á estatura dos rapaces para evitar problemas derivados de malas posturas.
- ⊕ Potenciación da materia de Alternativa.
- ⊕ Propostas de mellora na relación ANPA-Colexio.

Apoios en favor da promoción do Galego

Tanto a xunta directiva da ANPA Brigantium, como a xunta directiva da ADC Vales Villamarín, veñen de adherirse, formalmente, á Plataforma Queremos Galego para evitar o continuo deterioro do galego (recoñecido oficialmente) e neste momento, en concreto, en contra do decreto proposto pola Xunta de Galicia que pretende reducir a presenza do galego nas aulas.

En contra deste decreto pronunciáronse tamén, a Real Academia de Lingua Galega, o Instituto da Lingua Galega, o Consello de Cultura Galega, Sindicatos do Ensino, equipos de normalización, editores en lingua galega, expertos de outros países, asociación de nais e pais, profesorado, etc.